



ACTA DA REUNIÓN DA XUNTA DIRECTIVA DO COMITÉ GALEGO DE XUICES. PONTEVEDRA, 29 DE XANEIRO DE 2011

Asistentes:	Dolores Rojas Suarez	Presidenta
	Eleuterio García Rodríguez	Vicepresidente e Vocal Vigo
	Isabel Torres Taboada	Vocal-A Coruña
	Pablo Gandoy López	Vocal-Lugo
	Manuel Garrido Toro	Vocal-Ourense
	Eloy Bretal Cancelas	Vocal-Pontevedra
	Diego Fernández Somoza	Vocal-Ferrol
	Jorge Blanco Chao	Asesor Ruta-Informes JA
	Yolanda González Fernández	CONTabilidad FGA
	Franciaco Javier Alvarez	Secreraria Vigo

ORDEN DO DÍA:

- 1.- Saúdo e Informe da Presidenta
- 2.- Informe e propostas dos Delegados
- 3.- Informe e propostas dos asesores da Xunta Directiva
- 4.- Seminarios Formación 2011.- Planificación tempada
- 5.- Designacións tempada 2010/11
- 6.- Rogos e preguntas

Ás 17.10 horas dá comezo a reunión tomando a palabra o Presidente que saúda aos presentes pasando a tratar os asuntos da orde do día. Excusan su presencia los vocales de O Barco e Santiago por motivos personales.

1.-A Presidenta dá a benvida aos asistentes, agradecendo a súa presenza.

Distribúese Borrador da Memoria da tempada 2009/2010 no que se recollen toda a actividade dos xuices galegos en Seminarios do CNJ, Seminarios galegos, designacións, etc. Rógase revisen a mesma.Unha vez rematada estará dispoñible na páxina web da FGA, no apartado do Comité Galego de Xuices.

Lémbrese o novo sistema de abono que foi remitido por parte do departamento de contabilidade a todas as delegacións. O coche e a comida serán abonados no momento. Abónanse as autoestradas ao completo, sendo responsabilidade do conductor remitir os tickets de volta o máis axiña posible. No caso de que non se reciban descontarase da cota de arbitrase.

Os pagos efectuánsense, sempre que a documentación sexa correcta os días 10 de cada mes.

En canto á uniformidade repártese resumo das necesidades de novos uniformes para os últimos xuices incorporados. Vaise a pedir orzamento e procederase, se non hai novidade á súa adquisición e repartición.

2.- INFORME E PROPOSTAS DOS DELEGADOS

En data recente celebrouse unha reunión non oficial dos representantes das distintas delegacións para tratar dos temas que lles afectan máis directamente. Desta reunión saíron unha serie de peticións que se fixeron chegar á Presidenta.

O tema, dúbidas ou cuestións de tipo económico son aclarados e asumidos pola contable da FGA. Temas relacionados aos problemas ocasionados polo erro nas retencións da tempada 2008/2009, que xa se solucionaron para o ano que



FEDERACION GALEGA DE ATLETISMO
Avda. De Glasgow 13.-Complejo Deportivo Elviña
Teléfono 981 29 16 83-Fax 981 29 20 56
15008 - A CORUÑA
Correo electrónico : fgatletismo@telefonica.net
web: www.fgatletismo.es

terminou; normativa Xunta sobre pago de tarifas de arbitraje, así como pagos pendentes que xa se abonaron.

Como á FGA non lle consta ningunha débeda pendente solicítase aos presentes que informen os seus xuíces por se houberse algún pago sen abonar para que se reclame.

A petición referente a que o Comité de lle delegación organizadora organice o tema as comidas para os xuíces que desprácese doutras delegacións e mesmo dos xuíces do propio comité que actúen en xornada de mañá e tarde, queda asumido e aprobado.

Licenza Autonómica RFEA. Lémbrese a nova normativa RFEA a raíz do novo Regulamento do CNJ. Todos os presenten cren que é un prezo abusivo. Fan constar que os xuíces que a efectuaron esta tempada están á espera de ver o resultado. No caso de que todo siga como até agora e non reciban ningunha contraprestación por parte da RFEA, e se segue o mesmo importe, o ano que vén non renovarán a licenza RFEA.

A Presidenta informa que hai un acordo dos presidentes do Comité Territoriais para elevar unha petición conxunta solicitando unha cota intermedia para estes xuíces. Así mesmo pídesse ao Presidente da FGA, leve esta petición do colectivo galego ante a Xunta de Goberno da RFEA.

Solicitan que o Presidente leve á próxima reunión da JD a petición de subida de tarifas. A nova tarifa basee solicitada é de 20 €.

Unha última petición sobre o pago por talón e non por transferencia por parte dalgúns xuíces, é respondida por parte de Yolanda González. Os xuíces haberán de solicitalo e estudarse.

Solicítase que se estude a posibilidade de que os organizadores que non sexan a propia federación ou as súas delegacións abonen as cotas de xuíces de maneira distinta á habitual. Yolanda González comprométese a facer o estudo.

3.- INFORME E PROPOSTAS DOS ASESORES DA XUNTA DIRECTIVA

Jorge Blanco Chao: Informes Xuíces Árbitros y Ruta

Fai entrega dun resumo de informes de Xueces Árbitros dos distintos campionatos galegos da tempada 2009/2010, preguntando especialmente polo informe da proba de 10km de Gondomar, por un problema polo circuíto.

Deficiencias de material na maioría das instalacións

4.- SEMINARIOS FORMACIÓN 2011.- PLANIFICACIÓN TEMPADA

Curso de Formación de Novos Xuíces Territoriais. Acórdase non convocalos está tempada ao non haber número suficiente de aspirantes. Esta decisión podería revogarse en caso de aparecer máis aspirantes.

Cursos RFEA.- Entrégase normativa RFEA. Solicitaríase Curso de Operadores de Foto-Finish se houberse necesidade e a petición do responsable de Foto Finish.

Poderanse solicitar Cursos de reciclaxe a nivel interno.



FEDERACION GALEGA DE ATLETISMO

Avda. De Glasgow 13.-Complejo Deportivo Elviña

Teléfono 981 29 16 83-Fax 981 29 20 56

15008 - A CORUÑA

Correo electrónico : fgatletismo@telefonica.net

web: www.fgatletismo.es

5.- DESIGNACIONES 2010/2011

Apróbase ou planning de designacións para a tempada 2010/2011.- Tempada de inverno. Iranse publicando en sucesivas circulares. Efectuaranse designacións de Xuíz Xefe de Marcha, e Xurado completo de marcha nas probas de Calendario Galego. Así mesmo en Campionatos Absolutos e de clubs designarase Xuíz Xefe de Foto-Finish.

6. ROGOS E PREGUNTAS

Solicítase enviar recordatorio das tarifas en vigor do Comité Galego de Xuíces.

Levantase a sesión cando son as DEZANOVE E CINCUENTA HORAS

A Coruña, 9 de FEBREIRO de 2011